

ESTATUTOS

TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º

1. Coa denominación de “ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS (ANPA) do C.E.I.P. A TORRE ILLA” constitúese unha entidade ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo e normas complementarias.
2. A “ANPA A TORRE ILLA” ten capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2º

Esta asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3º

O ámbito da asociación é local e o seu enderezo fiscal fíxase no Colexio de Educación Infantil e Primaria A TORRE ILLA, sito en Rúa O Pombal, Nº 1, O Cabodeiro, Illa de Arousa (Pontevedra)

Artigo 4º

As reunións levaranse a cabo nos locais do propio colexio en horas e lugares que non entorpezan o normal desenvolvemento das actividades docentes.

Artigo 5º

A ANPA A TORRE ILLA créase entre nais, pais e titores de alumnos do CEIP A TORRE ILLA para o cumprimento dos seguintes fins:

- a) Defender os dereitos das nais, pais e titores en todo o que atinxa á educación dos seus fillos
- b) Colaborar no labor educativo do colexio e, dun xeito especial, nas actividades complementarias ou extraescolares.
- c) Orientar e estimular aos pais e titores respecto das súas obrigas en relación coa educación dos seus fillos ou pupilos.
- d) Promover e desenvolver actividades deportivas, formativas, culturais e de estudio, así como programas de educación familiar para proporcionar aos pais e titores coñecementos e orientacións relacionados coa súa función educadora.
- e) Participar na elección dos representantes dos pais e titores nos órganos colexiados, e no seu caso, concello, provincia, comunidade autónoma ou calquera outra instancia pública de ámbito territorial máis amplo, promovendo candidatos , velando pola pureza do proceso electoral e colaborando na correcta realización das eleccións.
- f) Participar nos órganos do colexio, concello, provincia, comunidade autónoma ou administración central do estado, no que estea establecido ou se requira a presenza da asociación
- g) Colaborar na elaboración, desenvolvemento ou modificación do regulamento de réxime interior e estatutos do centro.
- h) Promover a participación da comunidade escolar no control e na xestión do centro, sostido con fondos públicos, de conformidade co disposto no artigo 27.7 da Constitución Española.
- i) Fomentar as relacións de cooperación do colexio con outros centros educativos e cos sectores sociais e culturais do contorno.
- j) Promover a efectiva igualdade de tódolos seus alumnos sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, de raza, de sexo, ...

- k) Requirir dos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación esixindo a atención e axuda que esta merece.
- l) Contribuír ao funcionamento dos servizos do centro entre os diferentes colectivos da comunidade escolar.
- m) Promover reunións de colaboración de pais e titores coa dirección e profesorado do centro e contribuír ás boas relacións.

Artigo 6º

Para mellor cumprimento dos seus fins a ANPA A TORRE ILLA poderá xuntarse con outras entidades similares, promover unha federación local, comarcal, provincial ou autonómica de asociacións de pais de alumnos, ou solicitar o seu ingreso na federación que ó efecto estivese constituída ou que no seu momento se puidese constituír en calquera dos ámbitos territoriais sinalados

TÍTULO II.- DOS SOCIOS: DEREITOS E DEBERES

Artigo 7º

Serán socios as familias dos alumnos matriculados no Colexio A TORRE ILLA na persoa da nai e o pai ou do representante legal, sempre que o soliciten expresamente.

Artigo 8º

Serán dereitos dos socios:

- A) Elixir e ser elixible para tódalas funcións representativas da asociación.
- B) Asistir a tódalas asembleas e actos convocados pola xunta directiva, tendo dereito a voz e voto.
- C) Tomar parte en tódalas actividades da asociación e utilizar os servizos que se poidan establecer en beneficio dos socios
- D) Dirixir peticións e propor iniciativas ós órganos de goberno da asociación.
- E) Solicitar á xunta directiva e recibir desta canta información precisen para a xestión asociativa.

Artigo 9º

Serán deberes dos socios:

- A) Respetar e cumprir o establecido nos estatutos e nos acordos adoptados polas asembleas ou órganos de goberno da asociación.
- B) Contribuír economicamente ó sostemento da asociación, do xeito que se estableza na asemblea.
- C) Colaborar activamente coa xunta directiva para o mellor cumprimento dos fins da asociación e conseguir a máxima eficacia na execución dos mesmos.
- D) Asistir ás reunións da asemblea xeral.

Artigo 10º

Os dereitos e deberes corresponden por igual á nai e ó pai ou titor ou titora, tendo dereito cada un deles a voz e voto independente.

Artigo 11º

1) A condición de socio perderase:

- A) Por propia petición do interesado, dirixida por escrito ao presidente/a da xunta directiva
- B) Por causar baixa como alumno do colexio os fillos ou titulados do socio
- C) Por expulsión decidida pola asemblea xeral, a iniciativa da xunta directiva, coa maioría esixida no artigo 13º.5, por algún dos seguintes motivos:

- C.1) Por incumprimento inxustificado no pagamento das cotas regulamentariamente establecidas.
 - C.2) Por incumprimento dos estatutos ou pola realización de actos contrarios ou desleais co espírito destes.
 - C.3) Por utilización da asociación con fins alleos aos especificados por esta.
 - C.4) Cando proceda en dereito por calquera outro motivo
- 2) Se a xunta directiva, despois de ter oído ao interesado, acorda que, en aplicación do establecido nos presentes estatutos, procede a expulsión do dun socio, poderá optar, segundo a gravidade do motivo que a produza e valorando a aplicación de medidas que, sen conculcar os dereitos do socio, mellor defendan os intereses da asociación:
- A) Por facer efectivo o seu acordo ata a seguinte asemblea xeral que se convoque, que adoptará, despois de oír a argumentación da xunta directiva e as alegacións que o interesado puidese formular, o acordo definitivo.
 - B) Por deixar, cautelarmente, sen efecto o acordo ata a seguinte asemblea xeral que se convoque, que adoptará o acordo definitivo seguindo o mesmo procedemento establecido no apartado A
- 3) En calquera caso, a decisión de expulsar a un socio deberá ser acordada pola asemblea xeral e as accións ou medidas anteriormente adoptados neste sentido, pola xunta directiva, non darán lugar a acción de reclamación de responsabilidades xurídicas ou que excedan da aplicación de medidas internas, dentro da propia asociación.

TÍTULO III.- DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 12º

A asociación estará rexida pola asemblea xeral de socios e pola xunta directiva, coas funcións e competencias que nos capítulos 1 e 2 de este título se especifican.

Capítulo 1: da asemblea xeral.

Artigo 13º

1. A asemblea xeral de socios é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por tódolos seus membros.
2. Reunirase, cando menos, dúas veces ao ano en sesión ordinaria, unha no primeiro trimestre do curso para aprobación das contas, orzamento anual e programa xeral de actuación social, e a segunda ao longo do resto do curso.
3. Reunirase en sesión extraordinaria sempre que o solicite formalmente un terceo dos asociados, ou por acordo da xunta directiva.
4. Tódalas asembleas serán convocadas polo/a presidente/a, con expresa indicación da orde do día establecido pola xunta directiva, na que figurará sempre un punto dedicado a rolda aberta de intervencións. As convocatorias, tanto para asembleas ordinarias como extraordinarias, serán comunicadas cunha antelación mínima de corenta e oito horas.
5. Os acordos da asemblea serán adoptados por maioría simple de votos agás nos casos seguintes.
 - Requirirase maioría de dous terzos dos presentes para:
 - a) Disposición de alleamento de bens.
 - b) Solicitud de declaración de utilidade pública da asociación.
 - c) Integración en federacións.
 - d) Modificacións estatutarias.

e) Nomeamentos e ceses, non voluntarios, de membros da xunta directiva.

Requirirase maioría de dous terceos dos presentes, que ademais represente á maioría absoluta dos socios para:

f) Expulsión dun socio.

g) Disolución da asociación.

Capítulo 2: da xunta directiva.

Artigo 14º

A asociación estará administrada por unha xunta directiva composta por:

- presidente/a
- vicepresidente/a
- secretario/a
- tesoureiro/a
- viceteseoureiro/a
- vocais

Artigo 15º

1. A xunta directiva terá un período de xestión de dous anos e tódolos cargos serán reelixibles.
2. As vacantes que se puidesen producir na xunta directiva, esta poderá deixalas vacantes, cubrilas provisoriamente ou acumular cargos nos seus membros, ata que se leve a cabo a seguinte asemblea xeral. Calquera socio poderá presentar na secretaría da asociación a súa candidatura para cubrir a vacante antes da asemblea xeral correspondente.
3. A xunta directiva reunirse sempre que fose convocada polo presidente/a, expresando hora, lugar e orde de día, no que haberá un punto de rolda aberta. Os acordos adoptaranse por maioría dos membros presentes.
4. As funcións da xunta directiva serán as seguintes:
 - a) Execución dos acordos adoptados na asemblea xeral.
 - b) Xestión de tódolos asuntos que sexan de interese para a asociación.
 - c) Presentación á asemblea xeral dos orzamentos, contas e programa anual de actividades.
 - d) Admisión de socios e proposta á asemblea xeral para a expulsión, de ser o caso.
 - e) Organización dos distintos servizos da asociación.
 - f) Programación das actividades.
 - g) Salvagardar o cumprimento dos fins estatutarios.

Artigo 16º

O presidente/a da xunta directiva, que o é así mesmo da asociación, representará en toda clase de actos públicos e privados e ostentará a súa representación xurídica perante calquera organismo oficial ou entidade particular, correspondéndolle ademais:

- a) Convocar e presidir as reunións da asemblea xeral e da xunta directiva, dirixir os debates e moderar as discusións, podendo decidir se procede a votación de calquera asunto que estime xa foi suficientemente debatido.
- b) Responder perante a asemblea xeral da xestión realizada pola xunta directiva.
- c) Fixar a orde do día da xunta directiva.

- d) Executar os acordos que se adopten e tomar as decisións de urxencia que considere convenientes, sen previa consulta á xunta directiva, pero dándolle conta a esta na primeira sesión que se leve a cabo.
- e) Ordenar os pagamentos visados polo tesoureiro e asinar co secretario as actas das sesións e demais documentos expedidos pola asociación.
- f) Manter coa dirección do colexio os contactos necesarios e as relacións convenientes para a consecución dos fins asociativos, representando á asociación nas reunións cos profesores do centro.

Artigo 17º

O vicepresidente/a subsistirá no seu cargo ó presidente/a no caso de ausencia, enfermidade ou calquera outra circunstancia que o faga necesario, con plenas funcións. O presidente/a poderalle delegar as competencias para a xestión de asuntos determinados ou un conxunto dos mesmos, trala conformidade da xunta directiva. O vicepresidente/a asumirá as funcións do presidente/a con carácter provisorio, cando o titular cese no seu cargo.

Artigo 18º

Corresponde ao secretario:

- a) Convocar de acordo co presidente/a as sesións ordinarias e extraordinarias
- b) Actuar como tal nas sesións de calquera clase que se leven a cabo, tomando debida nota de todo que se trate, para a redacción das correspondentes actas. Lerá en cada sesión a acta anterior, no caso de que sexa aprobada, trasladará a manuscrita ao libro de actas, co visto e praxe do presidente/a.
- c) Terá ao seu cargo os arquivos, ficheiros, libros oficiais e, de acordo co presidente/a, encargárase de atender a correspondencia, comunicacións e certificacións da asociación, recopilará e arquivará toda clase de memorias, cartas, informes, circulares e calquera outro documento das distintas comisións.
- d) Levará ao día, escurpulosamente, o libro de rexistro de socios, anotando nel as altas e baixas que se produzan, dándolle conta ao tesoureiro/a para os efectos contables.

Artigo 19º

Serán atribucións do tesoureiro/a:

- a) Asinar, xunto co presidente/a, os recibos ou cheques e demais documentos contables.
- b) Encargarse da redacción e conservación dos fondos e bens da asociación, levando os correspondentes libros de contabilidade.
- c) Efectuar o pagamento das facturas, que levarán o visto e praxe do presidente/a. Poderá facer efectivos, sen previa autorización, pequenos gastos necesarios para o funcionamento, dando conta dos devanditos pagamentos á xunta directiva, na primeira sesión que se leve a cabo.

Artigo 20º

O vicetesoureiro/a colaborará co secretario/a e co tesoureiro/a, podendo substituír a calquera deles nas súas funcións, por delegación, ausencia ou cese.

Artigo 21º

Ademais das súas funcións ordinarias de colaboración, os vocais poderán encargarse, por acordo e delegación da xunta directiva, de coordinar algunha das actividades desvoltas pola asociación, sendo neste caso vocais delegados.

Artigo 22º

Serán causas de cese no cargo da xunta directiva:

- a) Petición propia, mediante dimisión por escrito, dirixida ao presidente.
- b) Expiración do mandato.
- c) Perda da condición de socio.
- d) Decisión de maioría dos demais membros da xunta directiva, tras oír ao interesado, que poderá recorrer perante a seguinte asemblea xeral que se convoque. En todo caso o cese definitivo será acordado pola asemblea xeral polo procedemento e maioría establecidos nos artigos 11º e 13º destes estatutos.

Artigo 23º

1. Cumprido o período de xestión de dous anos efectuarase a elección da nova xunta directiva no traxurso da asemblea do curso.
2. De non presentarse candidatos á xunta directiva, os membros da xunta directiva saínte seguirán en funcións como xunta xestora e no prazo que estimen prudente convocarán unha nova asemblea con dous puntos a tratar:
 - a) Elección de candidatos.
 - b) Caso de non presentarse candidatos: disolución da asociación.

Artigo 24º

A xunta directiva constituirase baseándose nos seguintes puntos:

- a) No prazo máximo de 10 días naturais reuniranse os candidatos elixidos pola asemblea e procederase á constitución da nova xunta directiva por consenso de tódolos candidatos elixidos e presentes, de non haber consenso, cada cargo será elixido independentemente por votación secreta.
- b) Unha vez formada a nova xunta directiva, informarase da constitución da mesma ao socios e presentarase á dirección do centro.
- c) A xunta directiva saínte fará un traspaso de cargos, estado de contas, procedementos de actuación, programas en curso e proxectos, e de todo aquilo que consideren de interese para a nova xunta directiva. Con este fin concertarán unha ou varias reunións, de toda a xunta ou por cargos.

TÍTULO IV.- DO PATRIMONIO, RECURSOS ECONÓMICOS E ORZAMENTO ANUAL

Artigo 25º

A "ANPA A TORRE ILLA", do C.E.I.P. A TORRE ILLA, carece de patrimonio fundacional.

O patrimonio que se vaia constituíndo estará composto por tódolos bens que se adquiren para a realización dos fins sociais.

A administración do patrimonio da asociación corresponde á xunta directiva, que dará conta da súa xestión perante a asemblea xeral de socios.

Artigo 26º

Os recursos económicos da asociación consisten en:

- rendas do patrimonio
- cotas ordinarias e extraordinarias dos socios
- beneficios que producen os actos, publicacións, etc.
- donativos, subvencións, legados ou doazóns que poidan legalmente aceptarse e procedan de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras

- calquera outro ben non enumerado

Artigo 27º

O importe das cotas dos socios será dun mínimo que determinará a asemblea xeral por proposta da xunta directiva. Nembargante os socios poderán determinar libremente a súa propia cota, sempre que o seu importe sexa superior ao mínimo establecido.

Artigo 28º

O presuposto inicial anual terá como límite o importe total resultante das cotas ordinarias aportadas polos socios, podendo ser ampliado, segundo as variacións dos recursos da asociación e das súas necesidades.

TÍTULO V.- DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 29º

A asociación constitúese por un prazo de duración indefinida. A asemblea xeral, reunida en sesión extraordinaria para este fin, poderá acordar a disolución da asociación.

No caso de disolución, unha vez efectuado a balanço económico e satisfeitas as débedas que puidesen pesar sobre a asociación, nomearase unha comisión liquidadora integrada por tres membros que se encargará da liquidación do patrimonio social da asociación que, por carecer de ánimo de lucro, o destinará a aquela entidade benéfica, ou adicada a realización de fins educativos con espírito similar o que anima a asociación disolta, que a asemblea sinale.

En A Illa de Arousa a 09 de maio de 2010

A Presidenta:

O Secretario:

Laura Otero Cores

Felipe Vázquez Abal